

DE BARES



Tít. orixinal: De bares
Ano: 2006
Duración: 91 min.
País: España
Dirección: Mario Iglesias
Guión: Mario Iglesias
Música: Nani García
Fotografía: Mario Iglesias
Reparto: Javier Albalá, Nancho Novo, Carlos Sante, Emma Álvarez, Javier Puig, Jesús Cabrero, Rosa Álvarez, Atilano Franco
Productora: Matriuska Producciones / Voz Audiovisual
Xénero: Drama
Web: <http://www.debares.com.es/>
Non recomendada para menores de 13 anos

Sinopse: Centos de fotografías, de fragmentos de realidade, adornan as paredes dun bar. Óscar, un home duns trinta anos, obsérvaas mentres espera pola súa moza. Cada obxecto, cada instante, cada rostro anónimo dá paso a unha historia diferente. Soidade, traizón, loucura... Unha viaxe polas caras máis ocultas da natureza humana até chegar de novo a Óscar. Porque aínda fica unha historia por contar.

De bares, a este lado da barra

por Manuel Jabois

(tomado de <http://manueljabois.blogspot.com/>)



Probablemente sexa moi difícil encontrar nos últimos seis meses de 2006 unha curtametraxe española máis premiada que "Madres", unha das obras máis recoñecibles de Mario Iglesias (Pontevedra, 1962). Coa estela dese último éxito aínda coleando estreou por fin en Valladolid no marco da Semana Internacional de Cine (Seminci), a súa ópera prima no xénero da longametraxe: *De bares*, producida por Matriuska.

Tanto en "Madres" como agora, na súa primeira película, Iglesias goza do seu particular xeito de facer cine: un breve tratado de naturalidade que aspira a recoller

a realidade cotiá con humildade e un moi inspirado ollo clínico que non xulga, senón que amosa. Foi un estilo aplaudido en Valladolid, onde hai quen se apresurou por inercia a falar do "Dogma" galego, e cosechou un inicio prometedor cos aplausos dun público, o dos festivais, ao que nunca se lle colgou o cartazo de doado.

Da terra, da patria, que dirían algúns, toma Iglesias o seu sinxelo xeito de contar, unhas personaxes a cotío desconcertadas, os recoñecibles escenarios de Pontevedra (as súas rúas, as súas prazas: a súa xente) e o intelixente e bravo chisporroteo instalado ó redor das barras dos bares, dende Joto, o camareiro do recuncho que serve como fío condutor da filme, ata os deslumbrantes expertos que filosofan de fútbol ("¿Suárez? ibah!

Suárez foi a Barcelona e logo subiu a vendimar a Francia”) e de xeofísica (“A ver: ¿a canto está a liña do horizonte?”).

Arranca De bares cunha moza que cre namorar a un tipo, segue cun home que cre ser invisíbel e acaba con alguén que cre estar vivo. Son parte dun inmenso mural fotográfico que decora o bar onde un mozo agarda a saída da súa noiva do traballo. Son rostros que cobran vida para tecer un mosaico de pequenas historias onde se reúne o drama, o patetismo, o humor e unha certeza luminosa: a de que todo presente ha de ter un pasado que paga a pena ser contado.

Sobre esta premisa constrúe Mario Iglesias a súa historia de historias: a súa contemporánea colmea urbana dun século que esperta baixo as luces dun amencer estraño. Os reencontros co futuro, como a do fillo (“Ten cara de panadeiro”) que descobre a unha nai inesperada, ou co pasado, como o home que repara, tantos anos despois, que a súa muller esnaquizoulle a infancia. As consecuencias destes relatos: a certeza de que xa nada volverá a ser coma antes. O mármore frío da verdade baixo os pés espidos do protagonista (Javier Alcalá, doce namorado) ou a demolición en segundos dun corazón inxenuo (Enma Álvarez) a mans dun casado ao que case lle custa caro un sinxelo xogo de miradas (Nancho Novo, sedutor, desconcertado e divertido). O home que paraba o reloxo do mundo para romper a chorar.



Ten a expresión artística varios vehículos de lucimento, pero é o que toca a medula da normalidade o que a cotío remove o espírito do espectador, por convertelo a el en protagonista. Mario Iglesias, que cita a Rosellini, sacerdote do neorrealismo,

entre as súas influencias, ten na atmosfera da rúa, na clientela dos bares, nas horas cotiás dos seus días e noites, o maior engancho do seu cine. Embauca con el ao espectador de tal xeito que nin sequera a aparición de efectos especiais esperta neste o menor atisbo de incredulidade: todo pode estar sucedendo no bar de enfronte. De bares posúe un final fermoso e triste, poderoso, a altura desta escintilante e prometedor primeira película de Iglesias.